

ZOOPOLITIK

UN BESTIARIO DE ESCRITA INTERACTIVA SOBRE O 15M

O LIBRO *Zoopolitik*, *Reinvención democrática & política de movemento*, é o último proxecto da Universidade Invisíbel (www.invisibel.net), a rede de activistas, investigadores e creativos galegos afincada n'A Coruña. **Zoopolitik** é unha análise interdisciplinar do #15M redactada por catro dos seus membros: o antropólogo **Antón Fernández de Rota**, o tamén antropólogo **Carlos Diz**, o sociólogo **Martín Cebreiro** e o filósofo e *blogger* **Rosendo González**, todos eles especializados no estudo da cultura política e os novos movementos sociais. O eixo do libro é a conceptualización e a interpretación histórica do que os autores chaman “modos de vida”. Consideran que para comprender o que aconteceu dende a Primavera Árabe até o *Occupy Wall Street*, pasando polo #15M, é preciso atender ás transformacións da vida cotiá no último medio século. Para pensar as mutacións do vello animal político, **Zoopolitik** non dubida en botar man das Ciencias da Vida e a Filosofía e Socioloxía da Ciencia, para dar conta do *seu* modo de vivir en rede nunha sorte de “bestiario da disidencia”.

Por outra banda, en consonancia coas formas 2.0 que caracterizan as prácticas organizativas e deliberativas d@s indignad@s, a escrita do libro propónse como un ensaio ou experimentación na produción textual, aberta e colaborativa. No *website* desta iniciativa, www.zoopolitik.com, van ir aparecendo os epígrafes e capítulos, ofrecidos aos cibernautas para propiciar debates e recombinações das ideas e dos seus contidos. Fronte ao berro *Steal this Book!*, co que a Abbie Hoffman e os Yippies dos anos 60 protestaban en contra das dinámicas da industria cultural, a Universidade Invisíbel aposta por unha transformación na produción e difuminación dos saberes e a cultura resumida nas consigna *Write and Share this Book!* En **Zoopolitik**, a experimentación con formas participativas de escrita vai acompañada por unha crítica da figura do *copy right* e a privatización dos saberes garantido pola licenza *creative commons*. Esta reivindicación do “dereito a compartir” é a mesma que fai súa a editorial independente **Axóuxere** (www.axouxerestream.com), os reponsábeis da súa edición en galego.

www.zoopolitik.com / axouxerestream.com